



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Farmacoloxía	Código	750G01011	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdePsicoloxía			
Coordinación	Dios Romero, Serafin De	Correo electrónico	s.dedios@udc.es	
Profesorado	Dios Romero, Serafin De	Correo electrónico	s.dedios@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O obxectivo desta asignatura é que o/a alumno/a adquira os coñecementos necesarios para integrar eficientemente, nos cuidados de enfermaría, a aplicación dos tratamentos farmacolóxicos como función derivada do seu exercicio profesional. Preténdese que o/a alumno/a adquira uns coñecementos básicos de farmacoloxía clínica, da función dos medicamentos na sociedade e en relación coa súa actividade como profesional de enfermaría e dos efectos dos medicamentos nos pacientes que serán obxecto da súa actividade profesional.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Os seminarios non se modifican. A entrega do traballo realizado realizarase a través de Moodle, apartado "entrega de ficheiros". *Metodoloxías docentes que se modifican A actividade inicial modifícase e pasa de ser presencial a virtualizarse a través da plataforma Moodle ou Teams segundo o caso. As sesións expositivas modifícanse e pasan de ser presenciais a virtualizarse a través da plataforma Moodle ou Teams segundo o caso. A proba de resposta múltiple modifícase e pasa de ser presencial a realizarse a través da plataforma Moodle, apartado "proba ou cuestionario", coas mesmos criterios de cualificación que a proba presencial. Se un grupo de estudantes atópanse nunha situación de confinamento por mor da pandemia por covid, virtualizaranse as sesións maxistras e seminarios a través da plataforma Moodle ou Teams segundo o caso e, de estar xustificadas, pospoñeranse as avaliacións ata a incorporación do dito alumnado.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, foros de Moodle, mensaxes de Moodle. A demanda por parte do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación A proba de resposta múltiple pasa de ser presencial a virtual, e realizarase a través da plataforma Moodle cos mesmos criterios de cualificación que se describen nesta guía docente</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos cuidados de enfermaría.



A5	Coñecer os diferentes grupos de fármacos, os principios da súa autorización, uso e indicación, e os mecanismos de acción dos mesmos.
A6	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	CB1 Que os estudantes demostraran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parta da base da educación secundaria xeral, e sólese atopar a un nivel que, si ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda dun campo de estudo.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Describir os aspectos básicos sobre a regulación e rexistro dos medicamentos en España	A4	B1	C1
	A5	B2	C3
	A6	B3	C4
		B4	C5
	B5	C6	
	B6	C7	
	B8	C8	
	B9	C9	
	B12	C10	
	B13		
	B16		
	B20		
B21			



Explicar os principios de farmacocinética e farmacodinamia dos medicamentos e a súa aplicación no proceso de utilización, especialmente no relativo a eficacia e seguridade	A4 A5 A6	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B12 B13 B16 B20 B21	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10
Identificar os principais grupos terapéuticos dos medicamentos e a súa aplicación para a prevención, tratamento e curación das enfermidades	A4 A5 A6	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B12 B13 B16 B20 B21	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10
Explicar os usos clínicos, accións e efectos adversos máis frecuentes, así como a forma correcta de administración dos medicamentos	A4 A5 A6	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B12 B13 B16 B20 B21	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>PRINCIPIOS XERAIS DA FARMACOLOXÍA CLÍNICA E DA UTILIZACIÓN DE MEDICAMENTOS</p>	<p>1.- Farmacoloxía: Conceptos básicos. As actividades e/ou divisións da farmacoloxía. A farmacoloxía orientada ao paciente e á comunidade. A responsabilidade actual de enfermaría no uso de medicamentos.</p> <p>2.- Selección de medicamentos. Guías de medicamentos. Ficha técnica. Medicamento xenérico. O uso racional do medicamento. Adherencia ao tratamento. Información de medicamentos. Condicións de conservación dos medicamentos.</p> <p>3.- Conceptos importantes en farmacocinética. Farmacocinética clínica. A farmacodinamia: mecanismos de acción. A administración de medicamentos: vías de administración e formas farmacéuticas.</p> <p>4.- Situacións que modifican a resposta aos fármacos. Situacións fisiolóxicas e patolóxicas. Administración e uso de medicamentos en insuficiencia renal, anciáns, pediatria, embarazo e lactación.</p> <p>5.- O ensaio clínico controlado. Estudos de utilización de medicamentos. Farmacoeconomía.</p> <p>6.- Os efectos indesexables dos medicamentos: concepto, clasificación, prevención e repercusións. Farmacovixilancia. Erros de medicación.</p> <p>7.- Interaccións medicamentosas.</p>
<p>GRUPOS TERAPÉUTICOS DE MEDICAMENTOS</p>	<p>1.- Antiinfecciosos: Antibióticos, antifúngicos, antivirais. Antisépticos. Desinfectantes. Política de antibióticos.</p> <p>2.- Fármacos que actúan sobre o sistema nervioso autónomo.</p> <p>3.- Dor. Analxésicos e antiinflamatorios. Analxésicos opiáceos. Tratamento da dor.</p> <p>4.- Psicofármacos: hipnóticos-sedantes, antidepressivos, antipsicóticos. Fármacos para procesos neurolóxicos: antiparkinsonianos, anticonvulsivantes</p> <p>5.- Fármacos activos sobre problemas cardiovasculares: Hipertensión, hiperlipidemias, insuficiencia cardíaca, cardiopatía isquémica.</p> <p>6.- Anticoagulantes e antiagregantes plaquetarios. Medicamentos que actúan sobre o sistema endócrino: antidiabéticos.</p> <p>7.- Medicamentos que actúan sobre o aparato dixestivo: antiácidos, antiulcerosos, laxantes. Medicamentos que actúan sobre o aparato respiratorio: mucolíticos, antitusígenos, broncodilatadores.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 A5 A6	1	0	1



Sesión maxistral	A4 A5 A6 B3 B6 B8 B13 B16 B20 B21	20	50	70
Obradoiro	A4 A5 A6 B1 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	19	42	61
Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 B1 B2 B3	2	12	14
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O curso comezará cunha sesión expositiva presencial dunha hora de duración na que se presentará a asignatura e expoñeráse con detalle o traballo a realizar durante o cuatrimestre, así como os criterios de avaliación. Se non é posible a presencialidade porque non se pode garantir as medidas de distanciamento social (mínimo 1,5 m.) na aula ou porque se xera un novo brote da pandemia, esta sesión expositiva virtualizarase a través da plataforma Moodle.
Sesión maxistral	Exposición oral presencial e con medios audiovisuais dos temas que compoñen o programa da asignatura. Todo o contido das sesións expositivas estará dispoñible en temas en formato pdf no apartado correspondente da plataforma Moodle. Se non é posible a presencialidade porque non se pode garantir as medidas de distanciamento social (mínimo 1,5 m.) na aula ou porque se xera un novo brote da pandemia, esta sesión expositiva virtualizarase a través da plataforma Moodle.
Obradoiro	Ao finalizar cada un dos bloques temáticos da materia realizaranse seminarios presenciais nos que se profundará, debaterá e traballará nos diferentes temas expostos nas sesións maxistral. Os estudantes realizarán diferentes actividades indicadas polo profesor: procuras de información, traballos en grupo, preguntas, casos clínicos, exposicións orais ou escritas, etc. Todas estas tarefas entregaranse a través da plataforma Moodle no seu apartado correspondente. Se non é posible a presencialidade porque non se pode garantir as medidas de distanciamento social (mínimo 1,5 m.) na aula ou porque se xera un novo brote da pandemia, estes seminarios virtualizarase a través da plataforma Moodle, e consistirán en sesións virtuais a través da plataforma Moodle sobre os temas expostos na sesión maxistral co fin de reforzar y/o aclarar puntos claves e/ou dúbidas dos/das alumnos/as. Combinaranse diversas metodoloxías/probas a través de Moodle (presentacións, foros, tarefas, cuestionarios, probas, resolución de casos clínicos, etc.) nas que o alumnado desenvolve traballo eminentemente práctico sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Proba de resposta múltiple	50 preguntas con 5 respostas das cales só unha é correcta. Non se aplica factor de corrección por respostas non acertadas. Realízase de forma presencial segundo o calendario oficial de exames da facultade. Se non é posible a presencialidade porque non se pode garantir as medidas de distanciamento social (mínimo 1,5 m.) na aula ou porque se xera un novo brote da pandemia, esta proba de resposta múltiple virtualizarase a través da plataforma Moodle cos mesmos criterios de cualificación e na data e hora que consta no calendario oficial de exames da facultade.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Resposta a consultas suscitadas polo alumno. Posibilidade de ampliación de coñecementos O alumnado poderá poñerse en contacto co profesor mediante correo electrónico, ou a través das canles de comunicación que ofrece a plataforma Moodle: foros, mensaxes.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A4 A5 A6 B1 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	Puntúase a entrega das tarefas do/da alumno/a a través de Moodle e o resultado das probas realizadas.	20



Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 B1 B2 B3	O/A alumno/a deberá realizar unha proba de 50 preguntas tipo test con resposta múltiple, unha correcta de entre 5 posibles. Non puntúa negativo. O aprobado (5) estará no 70% das respostas correctas (35). Para superar esta proba, e por tanto a asignatura, haberá que obter como mínimo un 5.	80
----------------------------	-------------------	---	----

Observacións avaliación

Os seminarios u obradoiros serán presenciais. Se se xera un brote de pandemia que impida a presencialidade, virtualizaranse a través de la plataforma Moodle según o exposto no paso 5: metodoloxías. A proba de resposta múltiple realizarase de forma presencial segundo o calendario oficial de exames da facultade. Se non é posible a presencialidade porque non se pode garantir as medidas de distanciamento social (mínimo 1,5 m.) na aula ou porque se xera un novo brote da pandemia, esta proba de resposta múltiple virtualizarase a través da plataforma Moodle cos mesmos criterios de cualificación e na data e hora que consta no calendario oficial de exames da facultade. O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art.º 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable) Considerarase non presentado aquel/aquela alumno/a que non asista ao exame final. Os/As alumnos/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deben mandar un correo electrónico ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso. Neste caso, a avaliación dos obradoiros o seminarios realizarase pola entrega das tarefas propostas a través de Moodle. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. A avaliación de segunda oportunidade seguirá os mesmos criterios de cualificación que para os de primeira oportunidade. Durante o segundo cuadrimestre terán a oportunidade de entregar as tarefas dos seminarios ou obradoiros se non o fixeron durante o primeiro cuadrimestre. Durante o segundo cuadrimestre este alumnado poderá en poñerse en contacto co profesor (correo electrónico, foros e mensaxes de Moodle) para recibir atención personalizada: resolver dúbidas, ampliación de coñecementos, proposta de novas tarefas para reforzar contidos, etc. Alumnos/as con segunda matrícula e posteriores: manteráselles a cualificación dos seminarios u obradoiros de cursos anteriores. Se o desexan pode realizar para a súa cualificación as tarefas propostas para este curso académico. Para a proba de resposta múltiple, seguiranse os criterios de avaliación propostos nesta guía. Oportunidade adiantada: Os criterios rexeranse polos establecidos nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario da UDC". Plaxio na realización das probas ou actividades de avaliación: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	MEDIMECUM 2021. Guía de Terapia Farmacológica. 26ª edición. Editorial Springer Healthcare. 2021. Catálogo de Medicamentos 2021. Editorial Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos. 2021. Goodman y Gilman. Las Bases Farmacológicas de la Terapéutica. 13ª edición. Editorial McGraw-Hill. 2019. Velázquez (P. Lorenzo, A. Moreno, J. C. Leza, I. Lizasoain, M. A. Moro, A. Portolés). Farmacología Básica y Clínica. 19ª edición. Editorial Médica Panamericana. 2017. R. Rodríguez Carranza. Guía de Farmacología y Terapéutica. 3ª edición. Editorial Elsevier. 2014. Jesús Flórez, Juan Antonio Armijo, África Mediavilla. 6ª edición. Farmacología Humana. Editorial Elsevier Masson. 2013. S. Castells Molina, M. Hernández Pérez. Farmacología en Enfermería. 3ª edición. Editorial Elsevier. 2012. J.M. Mosquera, P. Galdós. Farmacología Clínica para Enfermería. 4ª edición. Editorial McGraw-Hill/Interamericana. 2005. E. Pacheco del Cerro. Farmacología y Práctica de Enfermería. 1ª edición. Editorial Masson. 2003. J. R. Laporte, G. Tognoni. Principios de Epidemiología del Medicamento. 2ª edición. Editorial Masson-Salvat. 1993.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Farmacoterapia/750G01024

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:A entrega dos traballos que se realicen será a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. De se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado, evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Aplicarase a normativa de UDC ante situacións de plaxio nos documentos entregados.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías